

Para as patronais de Consultoría e Estudos de mercado sempre é Nadal



As patronais AEC –ANIMES
Presentan a súa proposta sobre Convenio TIC

Sistema de desclasificación profesional en 6 áreas

- Soporte, Xestión, Desenvolvemento, Consultoría (x2) e Estudos de Mercado.

Xornada laboral

- 12 horas, luns-sábado e flexible.
- Sen xornada intensiva de verán, 15 % distribución irregular da xornada.
- Horario de Servizo: o Cliente decide por ti.

Táboas salariais

- Todo empeza polo SMI e sen complemento de antigüidade.

Adaptación dos contratos á reforma laboral

- Pendente de proposta.

Para a AEC – ANIMES sempre é Nadal á hora de recortar dereitos
Convenio TIC en LOITA!

 tic@servicios.ccoo.es  www.ccoo-servicios.es/tic/  www.ccoo.es/Afiliate 

Queridos Reis Magos:

Este ano fomos moi bos, crecemos coma nunca e temos beneficios extraordinarios, por iso vos pedimos que este ano nos traíades un novo convenio no que os cadros de persoal traballen 12 horas ao día de luns a sábado, sen xornada intensiva de verán, no horario que máis lle interese ao cliente e evitando que cobren o complemento de antigüidade.

AEC e ANIMES

Hoxe, 15 de marzo, celebrouse a reunión da mesa do convenio, onde as patronais nos entregaron a súa carta aos reis magos. Isto, aínda que poida parecer gracioso, non é ningún chiste.

Nun convenio que apenas mellora o estatuto das persoas traballadoras, permítense o luxo de propoñer máis recortes nos dereitos do persoal.

Fronte a unha proposta de achegar o convenio á realidade do sector da parte social e que, a partir de aí, poidamos falar de melloras no sector que se traduzan en melloras nos cadros de persoal, a patronal

preséntanos unha proposta que é unha falta de respecto ás persoas que traballamos no sector.

Transmitímosvos, resumida, a proposta da patronal:

Sistema de clasificación en 6 áreas:

1. Soporte Técnico e Administrativo e administración interna
2. Xestión de administración e procesos
3. Desenvolvemento de software, programación e integración de sistemas
4. Consultoría tecnolóxica
5. Consultoría de negocio
6. Estudos de mercado

Xornada laboral:

- Xornadas de traballo de 12 horas
- Prestación de servizos de luns a sábado
- Eliminación da xornada intensiva de verán mediante a distribución irregular da xornada do 15 %
- Horario de Servizo: que un terceiro nos fixe o horario de traballo unilateralmente (o que estime necesario e sen compensalo).
- Flexibilidade horaria de entrada, saída e xantar (en función das necesidades do cliente)

Táboas salariais:

- Nace nos 14.000 € para chegar a 20.000 € nas áreas 1, 2 e 6.
- Nace nos 14.250 € para chegar a 27.283 € na área 3.
- Nace nos 14.700 € para chegar a 28.337 € na área 4.

- Nace nos 16.800 € para chegar a 36.037 € na área 5.
- Desaparición do complemento de antigüidade.

Adaptación dos contratos á reforma laboral:

- Pendente de proposta por parte da patronal.

Nos próximos días imos **examinar a proposta con detemento** e imos **tratalo** con toda a representación de **CCOO** do sector para lanzar un **plan de eventos**, destinados a levar o conflito a aqueles lugares onde mellor se visualice. Nestes momentos e a estas alturas, exteriorizar o **conflito** antóllase **inevitable**.

Seguiremosvos informando.

CCOO É O TEU SINDICATO, AGORA MÁIS CA NUNCA. [AFÍLIATE!](#)